ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL -(SUSANA GALLARDO FAR ÑA) 11/03/2026 14:28:58 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 11/03/2026 14:36:58 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL -(SUSANA GALLARDO FAR ÑA) 11/03/2026 14:50:57
Documento asinado

INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Expte: 2032/1102

Asunto: solicitude de acceso a información pública

ANTECEDENTES

En data 10.02.2026 [redacted] en representación da Xunta Directiva ANPA Magnolia presentou solicitude de información pública relativa a actuación municipal denominada "Execución de muro de contención en Villa Laura"correspondente á Área / Servizo 1532, con aplicación orzamentaria 1532 2100000, incluída nos orzamentos municipais do exercicio 2026 e concretamente solicita: Memoria técnica, informe ou documento descritivo da actuación. Localización exacta da obra ou ámbito de intervención previsto. Obxectivos da actuación e alcance previsto da mesma. Documentación gráfica dispoñible (planos, esquemas ou similares). Calendario estimado de tramitación administrativa e execución da obra.

En data 6.03.2026 a área de Servizos Xerais emitiu informe.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTAIBG)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD)
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RGPD)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL -(SUSANA GALLARDO FAR ÑA) 11/03/2026 14:28:58 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 11/03/2026 14:36:58 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL -(SUSANA GALLARDO FAR ÑA) 11/03/2026 14:50:57
Documento asinado

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese especifico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese especifico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

O réxime xurídico previsto para ao acceso á información pública na Lei 19/2013, do 9 de decembro (LTAIBG), os seus límites e o procedemento que ha de seguirse, tan só quedan desprazadas, actuando neste caso como supletoria, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e especifico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da LTAIBG).

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-

O solicitante solicita información relativa a actuación " Execución de muro de

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL -(SUSANA GALLARDO FARIÑA) 11/03/2026 14:28:58 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO) 11/03/2026 14:36:58 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL -(SUSANA GALLARDO FARIÑA) 11/03/2026 14:50:57

Documento asinado

contención en Villa Laura".

O informe da área de Servizo Xerais dispón " *o Concello de Vigo tramitou un contrato de servizos de redacción de proxecto, expte 2380-441. Este contrato de redacción foi adxudicado no ano 2025.*

Actualmente o citado proxecto está na fase final de tramitación para a súa aprobación en XGL (expte 6848-443), polo que non se dispón ainda do documento final para tramitación.

O alcance da actuación é a reconstrución do muro de contención próximo ao acceso ao EEI Villa Laura dende a rúa Hispanidade, que se recolle no plano borrador que se achega. Tamén se inclúe no proxecto a reposición da pavimentación afectada polas obras de execución do muro.

A previsión da aprobación do proxecto construtivo da obra e a licitación destas é no primeiro semestre do ano 2026, estando prevista o comezo das obras no segundo semestre do ano 2026".

O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada e, entre outras, as solicitudes que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.

O Consello de Transparencia e Bo Goberno en resolución a R/0101/2017, de 30 de maio, *«esta causa de inadmisión ha sido interpretada por este Consejo de Transparencia y Buen Gobierno en el sentido de que la misma afecta a situaciones en las que la información solicitada está elaborándose -por lo que no tendría la consideración de información pública en el sentido del artículo 13 de la LTAIBG al no existir por no haber sido completada su elaboración- o bien porque está prevista, en un plazo concreto y no dilatado en el tiempo, su publicación con carácter general, es decir, en un medio cuyo acceso no esté restringido y que pueda ser conocido y usado con facilidad por el interesado que se refieran.»*

Toda vez que segundo informe da área o proxecto de reconstrución do muro non está finalizado polo que a información solicitada non constitúe información pública. En consecuencia procede inadmitir a solicitude de acceso a información.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude de acceso a información correspóndelle a Concelleira de

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL -(SUSANA GALLARDO FAR ÑA) 11/03/2026 14:28:58 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - (PATRICIA RODRÍGUEZ CALV ÑO) 11/03/2026 14:36:58 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL -(SUSANA GALLARDO FAR ÑA) 11/03/2026 14:50:57

Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2024.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Inadmitir a solicitude de acceso a información pública presentada por [redacted] en representación da Xunta Directiva ANPA Magnolia.

SEGUNDO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente".

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 129 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria

Documento asinado